

D. MANUEL ANTELO PAZOS, ALCALDE DO CONCELLO DE VIMIANZO,

pon en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

Que nesta época do ano aumentan os riscos de incendios forestais, tendo especial importancia como prevención dos mesmos a limpeza das fincas en núcleos rurais ou colindantes cos mesmos. A falta de limpeza das ditas fincas pode provocar situacións de grave risco para a seguridade das persoas e das vivendas.

Na sesión do Pleno do Concello do día 26 de setembro de 2015 adoptouse un acordo relativo ao cumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.


Neste acordo instase ás persoas propietarias de fincas forestais colindantes con núcleos rurais ou incluídas dentro dos mesmos, para que cumpran coas obrigas establecidas na dita lei e manteñan limpas as súas propiedades. En caso contrario o Concello levará a cabo as medidas correspondentes de forma subsidiaria con cargo aos propietarios, e abrirá os expedientes sancionadores correspondentes.

Se algunha persoa necesitase máis información acerca das ditas obrigas pode dirixirse ás dependencias municipais onde se lle asesorará en todo o relativo ás limpezaas.

O que se fai público para coñecemento de todas as persoas interesadas.

Vimianzo, 10 de agosto de 2016

O alcalde



Manuel Antelo Pazos